



Galicia Hoxe, 12/2/04

[Xosé Luís Méndez Ferrín]

Ulloa, Novelúa, Vacaloura (esa terra que parte o mundo).

Lama lombriga agora, que sentimos do saibo Ulloa.

Visgos aborrollan polos illós.

A penas por Vacaloura algún golpe de natureza seca
(éste no vén ao cabido).

Veñen si, as señoras que son ledas e procedían
daqueles Pozos Piagos.

Brincaran cos fillos nos encoros
de tetas ao fresco da noite, foron mortas a tiro.

Eran londras de mamai ou londras Ulloa mortas,
todiñas todas en Novelúa mortas.

Ao cabido por parte compareceron pínigas e hoste de arrás
así como besbellos sapateiro esgaravellos bastiscafo
sentaron con absoluta solemnidade en Novelúa porque eran
partes interesadas. En canto á ephemera, ela
foi de larva por que lle rendese o tempo.

Lamas do fondo onde ondula canto hai de acuático na Ulloa
vomitaron vida que fora ou é
ao Cabido de Novelúa que este día non ocupan humanos.